

Organización política do Imperio Romano

Institucións de Goberno	Tralas Guerras Cívís e a Crise do Sistema Republicano vai aparecer unha nova forma de goberno coñecida co nome de Imperio. Ao fronte do sistema imperial estaba o Emperador. O Emperador concentraba nas súas máns todos os poderes do estado (político, militar e relixioso). Era él quen convocaba ao Senado, nomeaba aos maxistrados e ditaba todas as leis (editos) que se aplicaban no Imperio. Ademáis, tamén era cónsula vitalicio, xefe máximo do exército (emperador) e sumo pontífice, é dicir, a primeira autoridade relixiosa. O título de emperador en principio non era hereditario pero a realidade foi que a maioría dos emperadores foron sucedéndose de pais a fillos. As institucións republicanas como o Senado, as maxistraturas e os comicios seguiron existindo pero foron desposuídas das súas funcións. Era o emperador quen designaba os cargos importantes do Imperio.
Organización do Imperio	Os territorios do Imperio dividíronse en provincias a cuxa fronte se colocaba un gobernador axudado por funcionarios. Os gobernadores eran os encargados de recadar os impostos necesarios para manter o Estado romano. As provincias estaban divididas en provincias senatoriales, aquelas que tiñan gobernadores escollidos polo Senado; e provincias imperiales, aquelas sobre as que o Emperador exercía o seu poder de forma directa e nas que xeralmente estaban establecidas algunh que outra lexión dado o seu carácter belicoso.